



Expediente nº: 1002/2024

Procedemento: Contratacións

Asunto: Servizo de transporte de escolares ao CEIP e ao IES e de usuarios ao Cento de Servizos Sociais do Concello de Becerreá

MEMORIA DE ALCALDIA DANDO INICIO A UN PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO

En virtude do disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), redáctase a presente **MEMORIA XUSTIFICATIVA** do contrato de servizos relacionado no encabezado do presente documento..

I. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato é o **Servizo de transporte de escolares ao CEIP e ao IES e de usuarios ao Cento de Servizos Sociais do Concello de Becerreá.**

Nos derradeiros vinte anos e debido á situación dos centros e a dimensión e configuración orográfica da vila de Becerreá, se veu prestando un servizo de transporte de escolares e do mesmo xeito, tamén se veu prestando ós usuarios do Centro de Servizos Sociais.

No Concello de Becerreá funciona un centro de servizos sociais sito no Campo da Feira s/n inscrito no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos sociais co número E-405. Este Centro Social, figuraba adscrito á Consellería de Servizos Sociais ata o 25 de setembro de 1997, data na que se publicou no DOGA o Decreto 259/1997 de 10 de setembro, de transferencia ao Concello de Becerreá de dito Centro e co que quedaron traspasados os correspondentes recursos persoais, materiais e orzamentarios.

Cómpre polo tanto manter este servizo en condicións óptimas de calidade na súa prestación o que, tendo en conta o tipo de usuarios, maiores na súa meirande parte, un servizo de transporte é esencial para o desenvolvemento das súas actividades.

No referente ao transporte con destino aos centros escolares considérase necesario tamén procurar a continuidade deste servizo en tanto con elo se favorecen as condicións de vida dos veciños, neste caso os escolares e as súas familias, e se procura con elo, entre outras cousas, a fixación da poboación no municipio, que en todo caso é a maior prioridade do Concello.

Visto o anterior, e visto tamén o artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, segundo o cal o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal, mediante a presente xustifícase a necesidade do contrato, fundamentalmente, no feito de procurar aos veciños do municipio un servizo que procure a mellora das condicións de vida dos veciños, e, con elo, a consecución do obxectivo de fixar poboación en Becerreá.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de **servizos**, de conformidade co disposto no artigo 17 da LCSP.

Os códigos CPV que se suxiren para este contrato son os seguintes:

- **60130000-8 Servizos especiais de transporte de pasaxeiros por estrada**

II. NECESIDADE DA ADMINISTRACIÓN A QUE SE PRETENDE DAR SATISFACCIÓN.

A necesidade da Administración á que pretende darse satisfacción co presente contrato é a de procurar o servizo de transporte de escolares e de usuarios do centro social dentro do núcleo urban,





Á vista do indicado, queda acreditado que a contratación do servizo descrito ten coma finalidade o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello.

III. ACREDITACIÓN DA FALTA DE MEDIOS PROPIOS.

O Concello non dispón medios persoais e técnicos suficientes para a súa execución; pois nin dispón de vehículos cos cales se poidan executar as prestacións descritas nin tampouco a Relación de Postos de Traballo consta contempla algún posto ao cal se lle poidan atribuír as funcións inherentes á posta en marcha do servizo.

Estímase que a xestión indirecta deste servizo é a forma mais idónea e eficiente de levar a cabo as prestacións descritas.

A idoneidade do contrato que se propón, entendida esa idoneidade como adecuación existente entre o obxecto e contido da presente contratación, queda debidamente acreditada xa que a través da mesma inclúense todos os elementos e recursos precisos para unha correcta consecución do obxecto do contrato e a finalidade de servizo público que se pretende.

IV. XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.

Non procede a división en lotes do contrato. Tendo en consideración o obxecto do mesmo, e en base ao disposto no artigo 99.3 da LCSP este órgano considera motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:

- a) Dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, xustificada en que as prestacións comprendidas no obxecto do contrato executadas de forma separada sofren menoscabo ou detrimento.
- b) Risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en que coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a optimización do control da execución global do contrato; pérdese a coordinación da execución das prestacións; así coma incrementáanse os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.

V. ANÁLISE ECONÓMICA DO CONTRATO E DURACIÓN.

O orzamento base de licitación do contrato foi calculado consonte as normas previstas no artigo 100 da LCSP e ascende a cantidade de **34.419,00 €** a razón de:

- 417,90 euros ao mes máis IVE, facendo un total de 459,69 euros ao mes polo servizo de transporte aos usuarios do Centro Social (soamente dez meses ao ano).
- 1.146,60 euros ao mes máis IVE, facendo un total de 1.261,26 euros ao mes polo servizo de transporte de escolares ao CEIP e ao IES (soamente dez meses ao ano).

O valor estimado do contrato foi calculado consonte as normas previstas no artigo 101 da LCSP e ascende a contía de **62.580,00 €**.

A presente actuación finánciase con fondos propios municipais pero tamén parcialmente coa achega económica da Xunta de Galicia polo servizo transferido do Centro Social..

VI. PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo de execución do contrato será de **dous anos, prorrogable ata dous anos adicionais.**

VII. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DO PROCEDIMENTO.





Sobre este aspecto, o artigo 131 da LCSP indica que «a adjudicación realizarase, ordinariamente utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido, salvo os contratos de concesión de servizos especiais do Anexo IV, que se adjudicarán mediante este último procedemento».

No caso que nos ocupa, estamos ante un contrato de servizos cun valor estimado que non supera a contía de 221.000,00 €, e polo tanto, o procedemento idóneo para licitar a presente contratación é o **procedemento aberto simplificado** regulado no artigo 159 da LCSP.

VIII. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DOS CRITERIOS DE SOLVENCIA E CLASIFICACIÓN EMPREGADOS NA LICITACIÓN, ASI COMO DAS CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

Conforme ao esixido no artigo 116.4 da LCSP, no expediente xustificárase adecuadamente os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, así coma a clasificación que sexa solicitada aos licitadores, sexa esta ou non preceptiva.

No relativo á **clasificación** estarase neste contrato ao disposto no Título II Capítulo II do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En todo caso, e de acordo co artigo 74.1 da LCSP senta que para celebrar contratos co sector público, os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando esta sexa esixible conforme ao disposto nesta Lei.

Non entanto, o artigo 77.1.b) da LCSP, senta que:

b) Para os contratos de servizos non será esixible a clasificación do empresario. No anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato estableceranse os criterios e requisitos mínimos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional tanto nos termos establecidos nos artigos 87 e 90 da Lei como en termos de grupo ou subgrupo de clasificación e de categoría mínima esixible, sempre que o obxecto do contrato estea incluído no ámbito de clasificación dalgún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, atendendo para iso ao código CPV do contrato, segundo o Vocabulario común de contratos públicos aprobado por Regulamento (CE) 2195/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002.

En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación e categoría de clasificación correspondentes ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato. Se os pregos non concretasen os requisitos de solvencia económica e financeira ou os requisitos de solvencia técnica ou profesional, a acreditación da solvencia efectuarase conforme aos criterios, requisitos e medios recolleitos no segundo inciso do apartado 3 do artigo 87, que terán carácter supletorio do que respecto diso dos mesmos fose omitido ou non concretado nos pregos.

Así pois e de conformidade co disposto no artigo 77.1.b) da LCSP, non se esixe clasificación, se ben a solvencia dos licitadores poderá acreditarse indistintamente ben mediante os medios de solvencia que se indican de seguido, ben mediante a acreditación de estar clasificado de acordo co seguinte:

Grupo	Subgrupo	Categoría
R)	R	1

No relativo aos **criterios de solvencia**, os mesmos foron escollidos co obxecto de asegurar a correcta execución do contrato por unha empresa coa cualificación suficiente para a prestación adecuada do servizo.

Segundo o disposto nos artigos 87 e seguintes da LCSP, a solvencia económica, financeira e técnica quedará acreditada coa correspondente clasificación ou inscrición no ROLECE, ou no Rexistro Oficial da





correspondente da Comunidade Autónoma. De non constar nos correspondentes Rexistros, a solvencia acreditarase por calquera dos seguintes medios:

A **solvencia económica e financeira** acreditarase por calquera dos seguintes medios:

- a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.
 - Acreditarase mediante a **achega das súas contas anuais** aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito neste rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os **empresarios individuais** non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus **libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil**.
- b) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato. Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.
 - Acreditarase mediante **achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais**.

A **solvencia técnica e profesional** acreditarase, de acordo co artigo 90 da LCSP, por algún seguintes medios:

- a) Relación da prestación de servizos executados no curso dos tres últimos anos, avalada por certificados de boa prestación. Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de prestación dos servizos e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución no curso dos tres últimos anos sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato.
 - Acreditarase mediante certificados de boa prestación seguindo o exposto anteriormente.
- b) Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a prestación do servizo acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.
- c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables da prestación dos servizos así como dos técnicos encargados directamente de prestar o servizo.
- d) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.
 - Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e d) **cando o persoal técnico, a titulación académica e profesional, e o persoal medio sexa adecuada e proporcionada á natureza e orzamento total da prestación do servizo.**

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha **empresa de nova creación**, entendendo por tal aquela que teña unha **antigüidade inferior a cinco anos**, a súa





solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e d) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

Por outra parte, compre indicar que **a solvencia poderase acreditar con medios externos**. Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

A condición especial de execucion que se propón establecer para con este contrato consonte o regulado no artigo 202.2 da LCSP, é a seguinte:

Garantir a seguridade e a protección da saúde no lugar de traballo e o cumprimento do convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables.

IX. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

O artigo 116 da LCSP expresa que no expediente se xustificarán adecuadamente os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha **un único criterio, a mellor oferta económica**, xustificándose elo en que este órgano entende que as prestacións obxecto do contrato están perfectamente definidas tecnicamente, non sendo posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato, sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante da adxudicación.

Entende esta Alcaldía que a prestación do servizo que se pretende licitar non é susceptible de ser mellorado por que na licitación se empreguen máis criterios de adxudicación que os relacionados co prezo, neste caso a mellor oferta económica.

Para a valoración das ofertas, outorgarase a puntuación máxima (100) á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valoradas proporcionalmente, de acordo coa fórmula seguinte:

- $100 \times \text{Oferta máis baixa} / \text{Oferta susceptible de puntuación}$

Visto que o artigo 35 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito os actos que se diten no exercicio de potestades discrecionais, así como os que deban selo en virtude de disposición legal ou regulamentaria expresa, este órgano de contratación xustifica os seguintes extremos:

- A adxudicación dos contratos debe basearse en criterios que garantan o respecto dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades para satisfacer, salvagárdaa da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa (artigo 1 da LCSP).
- Conforme o establecido no artigo 145.5 da LCSP, o criterio establecidos neste contrato están vinculado ao obxecto do mesmo, e refírense e integra as prestacións que conforme ao disposto no presente expediente constitúen o seu contido. Está formulado de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, garantindo a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva.





- Asemade, en relación aos contratos de servizos procede a aplicación de máis dun criterio de adjudicación salvo que as prestacións estean perfectamente definidas tecnicamente e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato, sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante da adjudicación (artigo 145 da LCSP). A fórmula elixida para a valoración do criterio prezo está claramente definida, xustificándose a súa elección por resultar proporcional en relación coas baixas ofertadas e as ofertas que non presenten baixa. Trátase dunha fórmula lineal, de forma que as pequenas diferenzas de prezo teñen como resultado pequenas diferenzas de puntuación e ao contrario, evitándose supostos de fórmulas que asignan diferenzas moi significativas de puntuación a ofertas que entre elas teñen pequenas diferenzas na oferta económica.
- A fórmula elixida para a valoración do criterio prezo está claramente definida, xustificándose a súa elección por resultar proporcional en relación coas baixas ofertadas e as ofertas que non presenten baixa. Trátase dunha fórmula lineal, de forma que as pequenas diferenzas de prezo teñen como resultado pequenas diferenzas de puntuación e ao contrario, evitándose supostos de fórmulas que asignan diferenzas moi significativas de puntuación a ofertas que entre elas teñen pequenas diferenzas na oferta económica.
- Para a valoración das ofertas, propónse a utilización dun único criterio de adjudicación, o prezo, habida conta de que a prestación do servizo que se pretende licitar non é susceptible de ser mellorada por que na licitación se empreguen máis criterios de adjudicación que os relacionados co prezo, neste caso a mellor oferta económica.

Tendo en consideración o anterior, este órgano, que entende acreditada a súa competencia para a tramitación do presente expediente en virtude do regulado na disposición adicional segunda da LCSP, **da inicio ao mesmo, e polo tanto,**

ORDEO

PRIMEIRO. Iniciar o expediente para a contratación descrita nos antecedentes mediante procedemento aberto simplificado.

SEGUNDO. Que se redacte o prego de cláusulas administrativas e o de prescricións técnicas particulares.

TERCEIRO. Que pola Secretaría-Intervención se evacúen os informe preceptivos que correspondan.

En Becerreá na data da sinatura dixital ao marxe.
O Alcalde-Presidente, Manuel Martínez Núñez

